

VIERNES, 29 de enero de 2010

LUCES

As fractalidades de Méndez Ferrín

D. SALGADO | 29 ENE 2010

Archivado en: [RAG](#) [Xosé Luis Méndez Ferrín](#) [Gente](#) [Sociedad](#)

Non foi 1976 o único ano en que Xosé Luís Méndez Ferrín provocou un tremor nos baixíos da literatura galega. *Con pólvora e magnolias* titulou aquel mangado de poemas que clausuraron unha época e abriron setenta liñas de fuga. Dous anos antes, na *nouvelle* de combate *Retorno a Tagen Ata*, diagramou un estado da cuestión no campo nacionalista que aínda se deixa sentir: o piñeirismo contra a esquerda marxista. Mesmo a súa incursión no debate sobre o canon poético, *De Pondal a Novoneyra* (1984), continúa sen coñecer unha emenda á totalidade.

Pero Ferrín, o *Ferro*, é máis que o autor de *Bretaña, Esmeraldina*, á que o escritor Anxo Angueira vén de dedicar 500 páxinas de análise, ou o maxistral facturador de relato curto: *O crepúsculo e as formigas* (1961), *Crónica de nós* (1980), *Amor de Artur* (1982), *Arraianos* (1991). Fundador da Unión do Povo Galego hai 45 anos -canda el, Celso Emilio Ferreiro ou Luís Soto-, o novo presidente da Academia pasou pola cadea de El Dueso entre 1972 e 1974. A acusación baseábase nunha novela, inédita, dedicada á guerrilla antifranquista. Méndez Ferrín aproveitou a estancia para pescudar nas xirias carcerarias mentres Tenesse Williams ou Arthur Miller asinaban cartas esixindo a súa liberación. Cando a Transición aínda non topara coa cesura abrupta do 23-F, foi detido por segunda e última vez. Da UPG saltou en 1977, pero sempre cara á esquerda da esquerda.

O escritor que soubo despezar dicotomías doutro tempo (ética e estética), que con 67 anos botou un furibundo canto anticapitalista (*Contra Maquieiro*) traducido ao castelán en Cuba e que continúa no cabezallo da revista de pensamento crítico *A Trabe de Ouro*, non ten reparo en proclamar a súa admiración por Camilo José Cela nin e en amosar a súa erudición sobre materia *valleinclanesca*. E a paixón polas palabras coas que os homes habitan o mundo hai tempo que agroma en contos e ensaios. Agora encargaráse de custodialas.